



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000522

## DECRETO

**ASUNTO:** DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA CONCELLEIRA SUSANA RODRÍGUEZ NEMIÑA  
**EXPEDIENTE:** 2025/G003/000522

### ANTECEDENTES:

Visto o Pleno da Corporación de data 19/08/2025 polo que resultou elixido Alcalde D. Luis Manuel Insua Lago, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

### RESOLVO:

**1º)** Designar a SUSANA RODRÍGUEZ NEMIÑA, concelleira delegada de Cultura, Patrimonio, Novas Tecnoloxías, Educación, Igualdade e Muller.

**2º)** As competencias da delegada, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.
- Desenvolvemento xeral da actividade ordinaria, no marco das súas competencias e de acordo á coordinación xeral e as súas previsións.

**3º)** A delegación comprenderá a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**4º)** De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

**5º)** Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

**6º)** Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde no Concello de Fisterra, a luns 15 de setembro de 2025 , do que eu, como Secretario, dou fe.

**O ALCALDE,**

**ANTE MIN**



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000522

**O SECRETARIO-INTERVENTOR,**

Luís Manuel Insua Lago

Marcos Vázquez Campaña